



A CONSELLERÍA DE SANIDADE

XUNTA DE GALICIA

Dona Isabel **GONZÁLEZ FANDIÑO**, en nome e representación do Concello da Pobra de Trives, como alcaldesa accidental, con NIF núm. P3206400 H, con domicilio, a efectos de notificación, en Paseo de San Roque, nº 4, do Concello de Pobra de Trives, provincia de Ourense (C. P. 32.780), ante este organismo comparece e **EXPÓN:**

Que recentemente tivo noticia da decisión deste organismo pola cal se levou a cabo a **reestruturación temporal da Atención Primaria** para o período estival que acaba de comezar, en concreto, e no que afecta á institución da que agora son alcaldesa accidental, do cambio na atención pediátrica da área do noso Centro de Saúde.

Que estando totalmente en desacordo coa citada reestruturación realizada, mediante o presente escrito formulo **QUEIXA FORMAL/RECLAMACIÓN** contra a mesma por ser absolutamente prexudicial para os intereses de toda a veciñanza afectada pola mesma, en base ás seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Que ata o iniciado mes de xullo, a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives, viña prestándose en réxime de media xornada, os martes e xoves de 9:30 a 11:00 horas, horario que xa era de seu exiguu se se considera que o facultativo debía atender a uns case 200 menores que ten asignado só no Concello da Pobra, aos que habería que sumar os dos concellos limítrofes.

SEGUNDA.- Que na época estival, sempre se deixaba sen atención o servizo cando o profesional pediátrico exercía o seu dereito a vacacións, polo que non quedaba outra opción que acudir ao médico de familia asignado.

TERCEIRA.- Que neste ano, con todo, desde a Consellería de Sanidade decidiuse realizar unha reestruturación que pretende agrupar o servizo de pediatría en centros de saúde de referencia.

E en concreto, no caso que agora nos ocupa, cara ao Centro de Saúde de Maceda, onde se atoparía o pediatra que habitualmente viña sendo o encargado da nosa zona, e o Centro de Saúde da Rúa.

CUARTA.- Que semellante decisión, levou unha serie de graves prexuízos aos usuarios do servizo, comezando polo do desprazamento.

A día de hoxe existen moi malas comunicacións por transporte público con esas localidades:

- Co Concello de Maceda, ao que habería que acudir necesariamente se o que se pretende é unha revisión pediátrica, non hai ningunha liña de autobús activada na actualidade.

- Co Concello da Rúa, existe unha única posibilidade: Saída ás 6:40 h da mañá da Pobra de Trives con volta única ás 18:30 da tarde.

QUINTA.- Que obviamente, eses desprazamentos, de 52 Km a Maceda e 25 Km A Rúa, ocasionan innumerables molestias que non debería sufrir a nosa veciñanza por unha falta de planificación adecuada por parte da Administración sanitaria, sen que sexa escusa o feito de que, en caso de dificultades de desprazamento, poidan ser atendidos os menores por un médico de familia, pois evidente é que aqueles teñen enfermidades específicas, tratamentos diferenciados, e que en resumo, para iso existe unha especialidade médica concreta para a súa atención.

SEXTA.- Tamén debe indicarse que calquera dos dous Centros asignados, son xa de seu, centros excesivamente saturados, que dificilmente poderían dar a debida cobertura á nosa poboación pediátrica.

SÉTIMA.- Por último, debe sinalarse que se teme que esta ausencia de pediatra no noso Centro de Saúde non sexa só conxuntural, senón máis ben definitiva, o que levaría a ter que tomar medidas máis drásticas contra a mesma por parte desta Administración e da cidadanía en xeral.

Por todo o exposto,

SOLICITO deste organismo teña por presentado este escrito, admítalo, tendo por formulada **QUEIXA FORMAL/RECLAMACIÓN** contra a reestruturación temporal realizada no que incumbe á atención pediátrica do Centro de Saúde da Pobra de Trives e, previos os trámites legais oportunos, emita resolución pola cal se deixe sen efecto a mesma, restablecéndose o servizo como ata o momento viña prestando.



Na Pobra de Trives, a 4 de xullo de 2018